



BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 31-07-2020.

Expte: 2020/G010/000009

Na vila de Vimianzo, ás nove horas do día trinta e un de xullo de dous mil vinte, na sala de sesións da Casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros de xeito presencial:

D. Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa- presidenta. (PSdeG-PSOE).

Concelleiros/as:

D. Victor Muíño Ramos. (PSdeG-PSOE)
Dna. M^a. José Pose Pérez. (PSdeG-PSOE)
D. Miguel A. Pérez Méndez. (PSdeG-PSOE)
Dna. Rosa Blanco Lema. (PSdeG-PSOE)
D. Mario Andújar Mouzo. (PSdeG-PSOE)
D. Manuel Antelo Pazos. (A.V)
D^a. Marta Rey Lema. (A.V)
D^a. María Jesús Barbeira Pose. (A.V)
D. Francisco Trillo Pazos. (A.V)
D^a. Raquel Rodríguez Amigo. (PP)
D. Francisco M. Calzas Suárez. (PP).

Secretario Xeral: D. Francisco Javier Novoa Juiz.
Interventora Xeral: Dna. Rosa María Sánchez Martínez.

Non asisten os seguintes membros:

D. Eugenio Vidal Quintáns. (A.V).

ORDE DO DÍA:

A) Sección resolutiva

- 1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de xuño de 2020.
- 2º. Ditame para modificación do horario de celebración de sesións plenarias de carácter ordinario.

B) Sección de control

- 3º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.
- 4º. Mocións de urxencia.
- 5º. Rogos e preguntas.



D. Manuel Antelo excusa a un membro do seu grupo municipal que non puido asistir á sesión plenaria por motivos persoais.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de xuño de 2020.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Ao non manifestar ningunha observación sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de xuño de 2020.

2º. Ditame para modificación do horario de celebración de sesións plenarias de carácter ordinario.

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais o 28 de xullo de 2020 que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre a modificación do horario de celebración de sesións plenarias de carácter ordinario.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 23 de xullo de 2020, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE DITAME:

ASUNTO: MODIFICACIÓN DO HORARIO DE CELEBRACIÓN DE SESIÓN PLENARIAS DE CARÁCTER ORDINARIO.

EXPTE NÚM.: 2020/X999/000339

A determinación do réxime de sesións do Pleno regúlase no artigo 78 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Reglamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e o artigo 41 do RDLeg 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposiciones vigentes en materia de Régimen Local, TRRL, limitándose o primeiro a señalar que a periodicidade das sesións se fixará polo propio Pleno adoptado en sesión extraordinaria que deberá convocar o Alcalde da corporación dentro do prazo de 30 días desde a sesión constitutiva e o segundo que os días das sesións ordinarias serán fixados pola corporación.

A asistencia ás sesións plenarias constitúe para os concelleiros un deber inexcusable de carácter público e personal, tanto no artigo 37.3.d) do RDLex. 2/2015 de 23 de outubro polo que regula o Texto Refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, como o artigo 30.2 da Lei 30/1984, de 2 de agosto 1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública, lles permite ausentarse do traballo para cumprir con dito deber polo tempo indispensable para o desempeño do cargo, entendéndose como tal, según dispón o artigo 75.6 da LBRL, o necesario para a asistencia ás sesións do Pleno da Corporación ou das Comisións e atención ás delegacións de que forme parte.

Polo tanto, correspóndelle ó Pleno da Corporación a fixación da periodicidade das sesións mais non o horario que sería atribución da Alcaldía, se ben é razoable que se estableza por razóns de regularidade e previsión a efectos da organización do ámbito persoal de cada concelleiro. En todo caso, no pleno extraordinario celebrado o 8 de xullo de 2019 adoptouse acordo no que se fixaba sen motivación algunha o horario de celebración do Pleno ordinario ás 20:00.

Dito acordo, non é inmutable xa que estamos ante a esfera autoorganizativa como potestade desta administración, e por tanto dadas as circunstancias derivadas da pandemia e a época estival na que nos atopamos, confírese razoable adaptar a celebración do pleno ó horario laboral xa que pese ó seu carácter público, non asiste público pola situación que xa todo coñecemos.



Por tanto, e co obxecto de adecuar o horario á tempada estival que ven caracterizada pola non asistencia de público no exercicio do dereito fundamental de participación política representativa, de feito que se poida facilitar a conciliación familiar, e buscando adecuar o horario laboral co da celebración das sesións plenarias alo menos de xeito provisional, plantéxase esta proposta de ditame e acordo plenario, tendo en conta amáis a posibilidade de celebrar a sesión de xeito telemático o que refrenda este acordo que se propón á vista do artigo 46.3 da LBRL.

Co fin de habilitar á Alcaldía da corporación a fixación de horarios previo coñecemento e consenso das Xuntas de Portavoces, non sendo esta facultade propia do pleno sen perxuízo de manter esta atribución sempre que se confirme por esta Alcaldía, propoño ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo previo ditame da Comisión Informativa Xeral:

PRIMEIRO.- Modificar o horario de celebración das sesións plenarias de carácter ordinario, pasando a celebrarse ás 9:00 horas do último venres de cada mes de xeito provisional á vista do devenir das circunstancias derivadas da evolución da pandemia do COVID 19, co resto de prescricións establecidas no acordo adoptado en sesión plenaria extraordinaria celebrada o 8 de xullo de 2019.

SEGUNDO.- No caso de alteración da hora por razóns xustificadas e de xeito puntual, comunicarase previamente e coa antelación suficiente na Xunta de Portavoces ós efectos de facilitar a organización e conciliación persoal e laboral.

TERCEIRO.- Publicar íntegramente este acordo no Taboleiro de Anuncios desta entidade.

O que asino, en Vimianzo
A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez"

Non se producen intervencións por parte dos membros da Comisión Informativa.

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, dúas abstencións de Adiante Vimianzo, e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo."

A Alcaldesa-Presidenta explica que é unha proposta co obxectivo de regularizar a situación actual e que ten carácter provisional.

Dna. Raque Rodríguez dí que está dacordo co horario e que se podería facer como ata agora.

D. Manuel Antelo traslada que considera que é un abusos dicir que é competencia da alcaldía marcar o horario dos plenos e que hai que respetar a periodicidade tal cual está.

Amáis non é un horario que facilite a asistencia e o fixado no incurre en contra da conciliación familiar, é polo que solicita a retirada do asunto da orde do día.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que estes meses se fixo ás 9 e ademáis está a posibilidade de facelo telemáticamente e se busca conciliar cos funcionarios que asisten os plenos e é a proposta do seu grupo de goberno de xeito provisional e amparado nunha situación de crise sanitario excepcional.

Pásase á Votación da Retirada do asunto:

A FAVOR: 6 (PP; A.V.).

EN CONTRA: 6 (PSdeG-PSOE).

Habendo empate pásase a unha nova votación co seguinte resultado:

A FAVOR: 6 (PP; A.V.).

EN CONTRA: 6 (PSdeG-PSOE).

Por tanto, debe decidir o voto de calidade da Alcaldesa-Presidenta sendo este en contra da retirada polo que se pasa á votación do DITAME:

A FAVOR: 6 (PP; A.V.).



EN CONTRA: 6 (PSdeG-PSOE).

Habendo empate pásase a unha nova votación co seguinte resultado:

A FAVOR: 6 (PP; A.V.).

EN CONTRA: 6 (PSdeG-PSOE).

Por tanto, debe decidir o voto de calidade da Alcaldesa-Presidenta sendo este a favor do Ditame quedando polo tanto aprobado.

B) Sección de control

3º Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidentencia.

O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 23-06-2020 con número 578/2020 ata o día 28-07-2020 con número 735/2020.

O Pleno do Concello douse por enterado.

4º. Mocións de urxencia

O secretario xeral indica que non se presentaron mocións.

5º. Rogos e preguntas.

Dna. Raquel Rodríguez pregunta sobre el Plan de axudas a autónomos e a posibilidade de facer algo alternativo. Tamén se refire a unhas táboas e pedras no campo dos rapaces en Bamiro que están creando peligro.

D. Manuel Antelo pregunta sobre as axudas a autónomos e que baixo a emerxencia social e preciso tomar decisións razoadas e que se fagan públicas ditas axudas para o seu coñecemento como os gastos de aluguer e viaxes.

Pregunta sobre a ocupación de vía de feito realizada polo tenente de Alcalde en Oliveira e pide que se repoña o cartel de Masa Común de Bañas ocupada.

A Alcaldesa-Presidenta traslada que entende perfectamente a preocupación sobre as axudas pero os prazos son os que son e se está a espera da convocatoria da Deputación e que tratan de facelo o máis rápido posible e se fixo un plan de reactivación.

En relación a Bamiro contesta que no é da nosa competencia a se comunicou con Augas de Galicia para ver que facer.

En relación cos pagos de transporte para emerxencia social, hai informe avalando tales gastos e ademais foi por circunstancias puntuais.

En relación co tema da ocupación pide disculpas en nome do tte. de alcalde que está a retirar a caseta pero considera que non se debería politizar o asunto.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 09:35 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto esta borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 31 de xullo de 2020.



A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz